

Unha historia trepidante que nos engancha (Vimianzo, 11-5-2013)

(...).

Habitualmente pensamos na creación literaria como algo asociado ao mundo da imaxinación, da fantasía, e polo tanto lonxe desa minuciosidade investigadora que se precisa para os traballos aos que Lema nos ten afeitos.

Porén, nesta obra o autor foi quen de combinar maxistralmente ambas cousas: por unha parte temos unha **historia trepidante que nos engancha** porque ten todos os ingredientes que debe ter una boa novela deste xénero, e por outra banda atopamos unha **documentación e ambientación** histórica, xeográfica... e moito máis extraordinariamente logradas.

A miña segunda gran sorpresa produciuse cando a empecei a ler, ao descubrir xa no primeiro capítulo que o narrador era nada menos que o meu vello amigo da infancia Jim Hawkins, o adolescente protagonista d'*A illa do tesouro*.

A illa do tesouro é un clásico da literatura europea de aventuras, que ademáis inaugurou ou fixou este subxénero da novela de piratas, e que na miña opinión todo rapaz, e todo adulto tamén, por que non, debería coñecer. Para min a súa lectura foi compañeira de moitas tardes. Como sabedes, nela relátase como un rapaz se fai cun plano dun tesouro agochado nunha illa remota e descoñecida, supoñemos que aló polo Caribe, e xunto con dous veciños seus, o *squire* Trelawney e o doutor Livesey, fretan un barco en Bristol para marchar na súa procura. Tras numerosas aventuras, finalmente fanse con este inmenso tesouro e emprenden o regreso a Inglaterra. E aí remata.

O verdadeiro final da aventura [d'*A illa do tesouro*]

Pois ben, *Costa do Solpor* preséntasenos como una continuación ou, se se quere, coma o **verdadeiro final** desta aventura. Comeza dicindo que naquela novela parou a narración cando marcharon da illa, pero en realidade a historia non rematou aí posto que aínda sufriron outros percances que puxeron en perigo non só o tesouro que traían senón tamén as súas vidas.

E estas aventuras **sucedén precisamente aquí**, na Costa do Solpor, no que hoxe coñecemos como a Costa da Morte, en terras de Fisterra, Muxía, Camariñas, Vimianzo, Zas... e tamén na cidade da Coruña.

O autor non se presenta nesta novela como un autor, pois escribe adoptando o papel de **tradutor** dun manuscrito que chegou ás súas mans e que el se limita a traducir do inglés. Este recurso permítelle situarse no **punto de vista dun británico** e polo tanto observar cos ollos dun estranxeiro aquilo de positivo pero tamén de negativo que tiña a realidade deste país na época, no século XVIII.

Deste xeito, e a través da perspectiva deste suposto autor, **adquirimos un coñecemento** importante e moi necesario da situación política, social, económica ... desta nosa costa pero tamén de Galicia, do reino de España e de parte de Europa. Así, mentres avanzamos polo relato, imos sabendo das rivalidades e alianzas entre os distintos reinos, da estrutura económica e social da época, dos problemas dos arrendamentos, dos foros, da rixidez das clases sociais, de como era a vida cotiá tanto das clases humildes -labregos e mariñeiros- como das máis acomodadas -a

fidalgúa rural e a burguesía urbana. Imos sabendo das relacións entre a Igrexa e o estado, entre o clero e o pobo, entre o campo e a cidade, entre a terra e o mar... Imos sabendo por suposto sobre o corsarismo e a piratería, sobre a navegación, o comercio, a guerra... e sobre a chegada das novas ideas ilustradas, pois é Ilustración a época na que se desenvolve o relato.

Ademáis esta obra achéganos ao coñecemento de **personaxes históricos** coma o crego sabio, o escultor de Troitosende ou o armador Hiosa, e varios máis que dun xeito ou doutro se citan, pero tamén imos atopando outros personaxes que, aínda que ficticios, nos lembran ou nos representan, persoas reais que coñecemos ou das que soubemos, como Man, o alemán de Camelle, na figura daquel mozo que escoitaba as pedras, ou aquelas mulleres que lían, desexosas de saber, algunhas delas menciñeiras ou parteiras e todas elas **mulleres independentes** que foron tidas por meigas ou por tolas moitas veces. Ou **aqueles cregos**, dos cales algún queda aínda entre nós, que lideraron a loita polos dereitos dos máis humildes.

Coa lectura da novela coñecemos ou lembramos tamén varias **lendas e historias** que nos foi deixando a tradición popular, como a da cova da Buserana, a dos Mariño de Lobeira, a da torre de Hércules...

Orgullosos do noso

Hoxe estamos nun Concello que ten como eslogan a frase “orgullosos do noso”, frase que a min me gusta e comparto. Pero para estarmos orgullosos do que temos fai falta primeiro que o coñezamos. Por iso na literatura galega, pero moi especialmente para os lectores e lectoras da Costa da Morte facía falta una novela coma esta, que nos axude a **coñecer de onde vimos**, a entendelo e a valoralo.

O feito de presentarse como tradutor e non como autor, como vos dicía antes, permítelle ademáis a Lema facilitarnos moita información mediante o recurso das **notas a rodapé**, que aparecen como “notas do tradutor”. Así, por exemplo, aínda que o suposto autor, como británico que é, fala da altura dun cantil ou dunha vaga de mar nunha treboada indicando a medida en pés, nós podemos imaxinar perfectamente esas dimensións e polo tanto eses escenarios porque este “tradutor” nos facilita a pé de páxina a equivalencia en metros. (Hai moitísimos exemplos máis e moito mellores que os poucos que aquí vos traio, pero seleccionei deliberadamente estes e non outros porque non quero mencionar personaxes, lugares nin feitos que vos dean máis datos dos imprescindibles aos que aínda non lestes a novela).

Pero non só mediante estas notas a rodapé, senón que tamén a través da propia narración imos coñecendo infinidade de datos, algún deles necesarios para seguir o relato e outras veces simples curiosidades, que non só **non interrompen a historia** senón que **a enriquecen** enormemente.

Por exemplo: en certa ocasión un personaxe entra nunha pousada para dar unha mensaxe, una pousada rexentada por un francés na que se ofrecían viños, licores e viandas do país pero tamén produtos exóticos, polo que tiña moito éxito. E leo un parágrafo:

“Mais a sona do pousadeiro francés medrara coma a espuma cando lles puido ofrecer ós seus seareiros máis selectos un produto senlleiro: o gorentoso café de Moka, o café do corsario, procedente do sur da afastada Arabia, que lle subministraban de cando en cando contrabandistas

franceses que só se relacionaban na cidade con el; o corpo deste café, o seu forte arrecendo, adobado cun punto de acidez, engaiolaba. Contábanse cos dedos dunha man os portos europeos que disponían del.”

Así sen decatármonos, sabemos da **procedencia deste café** e da orixe do seu nome, do seu exotismo na época, da súa escaseza, do seu elevado prezo e do valorado que era (pois, ás veces, mesmo se lle atribuían propiedades medicinais case máxicas, como ocorría tamén con outros alimentos como o chocolate). Ao mesmo tempo, coñecemos a actividade da Compañía das Indias, os tratados e acordos comerciais, etc. etc. etc.

E así ocorre en numerosísimas ocasións ao longo do libro, e **sempre sen perder o fío** nin o interese da historia principal.

Claro que podemos sobrevivir sen saber estas cousas, por suposto. Como dicía Carlos Blanco, “habendo churrasco...” **podemos prescindir** de saber una chea de cousas, claro que si. Pero tamén **podemos aprendelas** porque aprender é importante, e se se pode facer así, **dun xeito lúdico**, entretido, sen perder o fío dun relato que por outra parte nos ten atrapados, qué mais podemos pedir. A todos os que nos dedicamos a este oficio de ensinar, quen nos dera poder conseguir as aprendizaxes dun xeito tan pracenteiro.

Aquí percíbese moi ben a vocación de ensinante do profesor Lema, desde logo, e tamén **o rigor e o perfeccionismo** cos que afronta calquera das súas actividades. E vai outro exemplo:

Neste mesmo capítulo hai un personaxe, outro pousadeiro, que lle chaman de alcume o Xaviñán, porque procede de Xaviña. Pero o seu verdadeiro nome é Xaquín do Carril. E resulta que o apelido Carril era e é dos máis frecuentes no concello de Camariñas. A nós como lectores tanto nos tería como se apelidase este personaxe, que ademáis é secundario e con moi pouca ou ningunha relevancia no desenvolvemento da historia. Pero aínda así, o seu nome e apelido non están, nin moitísimo menos, escollidos ao chou. Ata ese punto está traballada, **ata o máis mínimo detalle**, esta obra.

Valor lexicográfico, dominio da lingua

Por último, quixera comentar o que para min é outro dos valores engadidos da novela: **o dominio maxistral da lingua galega** que nela hai. Empréganse varios rexistros lingüísticos, desprégase unha tremenda riqueza léxica, fraseolóxica... e sobre todo, para min como lectora desta comarca resulta especialmente emocionante o xeito como soubo e quixo reflectir a variedade do galego que falamos nesta costa occidental: Ese tratamento de respecto (*mi padre, mi madre*) para os pais e sogros, eses vós e oíu como formas de cortesía para dirixirse aos maiores, esas terminacións verbais tan especialmente nosas (*cheguén, von, chorés, digás, viñeno*) eses ditongos (*muíto, nuíte, cuiro*) , esas expresións e frases como ‘caer de alto en peso’, ‘andar de bolina’, ‘meu dito meu feito’... moitas das cales é a primeira vez que as vemos escritas, e a min isto emocióname porque, á parte do enorme **valor lexicográfico** que contén a obra, paréceme estar escoitando os meus pais ou os meus veciños. Hai un personaxe que lle chaman o Tiopa (non *Toupa*; *Tiopa*, que é como dicimos nós) Hai outro chamado Denociña (non *Donicela* nin ningún dos sinónimos que recollen os

dicionarios: *Denociña*, que é como dicimos nós) E así poderíamos seguir a citar moitos máis exemplos que aportan ademais realismo e credibilidade ao relato.

Todos estes trazos característicos da nosa fala que forman parte do noso patrimonio, da nosa riqueza, e polo tanto que temos que manter e valorar (non temos que falar todos os galegos coma os do telexornal; temos que falar como se fala no noso lugar de orixe, que é nin máis nin menos o que ocorre con todas as linguas). Pois ben, todos estes trazos están reflectidos e, o que é máis importante, estano **de xeito respectuoso e correcto**. O feito de que os personaxes destas comarcas do Solpor ou do Solposto falen deste xeito non se representa como unha parodia, senón coa “simple” intención de **reflectir unha fala viva** cos seus trazos propios. Por iso así falan todos os personaxes que son de aquí, independentemente da súa clase social. Así falan desde os nobres ata os caseteiros, porque así é a fala de noso. E por riba, moitos destes personaxes que falan coma nós son os protagonistas, os heroes, os que vencen nas batallas, os guapos, os que ligan! Isto é moi importante, moito máis importante do que a primeira vista puidese parecer.

Tamén por isto é polo que repito que **precisamos novelas coma esta**. Porque nos fai moita falta sentirnos orgullosos, coñecer as nosas eivas, si, pero tamén as nosas calidades positivas, valoralas e valorarnos, e ir perdendo complexións que non nos traen nada bo.

Finalmente, e ademais de todo o dito, na novela ensálzanse **valores importantes** como a liberdade, a igualdade, a solidariedade, a honradez, a amizade.

Despois de escoitar todo isto, os que aínda non lestes a novela se cadra pensades que nela non hai máis que datos e mensaxes aleccionadoras. Nada diso. Nesta novela hai aventuras, batallas, tempestades, intrigas, traizóns, hai tamén amor, aí, moito amor hai! En fin, hai unha gran novela que de verdade vos recomendo.

[extracto do texto lido na Casa da Cultura de Vimianzo, que contou coa presenza do alcalde M. Antelo; M^a Xesús Barbeira, natural de Salto (Vimianzo), é profesora de Lingua Galega no IES Terra de Soneira de Vimianzo, e autora de textos para o ensino do galego]